

Emprego

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE DOUS SOCORRISTAS PARA AS PISCINAS EXTERIORES

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria para a selección e contratación laboral temporal de dous SOCORRISTAS para as piscinas exteriores para o ano 2018.

SEGUNDA. Número e características dos postos convocados

- Denominación: SOCORRISTA.
- Número de postos: Dous (2).
- Modalidade contractual: contrato laboral eventual por circunstancias da produción.
- Xornada laboral: A tempo completo, de luns a domingos, respectando os descansos legalmente establecidos.
- Duración do contrato: Dous meses.
- Retribución mensual: 1.097,18 euros brutos mensuais (incluída a prorrata das pagas extraordinarias).

1

TERCEIRA. Funcións a desenvolver

As persoas contratadas desenvolverán as funcións propias da súa categoría profesional nas piscinas exteriores, especificamente:

- Vixilancia permanente da seguridade e protección das actividades de ocio e deportivas desenvolvidas no medio acuático.
- Advertencia, información e vixilancia da seguridade nos cursos de iniciación á natación para diversos grupos de usuarios/as, nenos/as e persoas adultas que se poñan en marcha nas piscinas municipais exteriores de Lalín.
- Prevención de accidentes, situacións de emerxencia e situacións potencialmente perigosas.
- Especial atención de persoas con dificultades de mobilidade e adaptación ao medio acuático.
- Intervención de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia, rescate de persoas.
- Atención inmediata e aplicación de primeiros auxilios en caso de accidente ou situación de emerxencia.

CUARTA. Requisitos dos/as aspirantes

1. Os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a titulación académica esixida para o posto convocado: título de Graduado/a Escolar ou equivalente.
- d) Estar inscrito/a ou ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia conforme ao establecido no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo, a efectos do exercicio da actividade profesional.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- f) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- g) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Lalín durante máis de vinte catro (24) meses nun período de trinta (30) meses sumada a totalidade ou parte do tempo desta contratación, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, na mesma ou diferente modalidade contractual de duración determinada, a efectos do previsto no artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

3. Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes no momento da selección e conservalos ata a data de formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Lalín.

QUINTA. Publicidade da convocatoria.

Convocatoria pública realizada mediante anuncio publicado nun dos diarios de maior tirada de Galicia e no taboleiro municipal de edictos. As bases estarán a disposición dos interesados/as no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, así coma na páxina web www.lalin.gal e na sede electrónica lalin.sedelectronica.gal.

SEXTA. Presentación das solicitudes.

1. As persoas que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín.

A instancia contará, a lo menos, cos datos persoais do solicitante, co seu enderezo e nela o aspirante declarará que reúne todos os requisitos necesarios para participar neste proceso selectivo.

Coa instancia, a persoa aspirante achegará a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes, no caso de estranxeiros.
- Documentación que acredite estar en posesión do título académico esixido na Base Cuarta.
- Documentación acreditativa de estar inscrito/a ou ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia conforme ao establecido no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, modificado polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo, a efectos do exercicio da actividade profesional.
- Declaración xurada en relación ao establecido nos puntos e, f e g da Base Cuarta
- Acreditación de estar en posesión do certificado de delitos de natureza sexual, de conformidade coa Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e da Lei 45/2015 de 14 de outubro do voluntariado.

No Rexistro Xeral do concello facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude que será de utilización voluntaria.

2. O prazo para presentar as solicitudes será de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación na prensa do anuncio referido na base anterior.

3. A presentación de solicitudes deberá facerse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. Aquelas solicitudes que sexan remitidas por correo ou

entregadas en rexistros doutras administracións públicas (dentro do prazo de presentación de solicitudes) deberá remitirse por correo electrónico (emprego@lalin.gal) copia da solicitude co selo da data de presentación.

4. As persoas aspirantes con algunha minusvalía deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios que necesiten.

5. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SÉTIMA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo

A selección de candidatos/as realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

a) Fase de oposición

1. A fase de oposición constará de unha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun exame práctico e de aptitude física relacionado coas funcións do posto a desempeñar. O tempo máximo para a realización desta proba será de trinta (30) minutos.

4

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos. Os/as aspirantes que non acaden unha puntuación de cinco (5) puntos terán a consideración de non aptos/as e quedarán excluídos/as do resto do proceso selectivo.

A data e lugar de realización da presentación desta proba será comunicada no momento da publicación de lista definitiva de admitidos/as.

2. As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal e dos medios materiais necesarios para a realización das probas. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos/as aspirantes será a alfabética e o Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

3. Finalizado o exercicio, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes coas puntuacións obtidas e os/as declarados/as non aptos/as a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

b) Fase de concurso

1. A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos curriculares aportados polos/as aspirantes, tendo en conta a natureza e características da praza convocada. A valoración dos méritos, formación complementaria e experiencia profesional, poderá acadar unha puntuación máxima de dez (10) puntos.

BAREMO DE MÉRITOS - Máximo 10 puntos	PUNTOS
1. FORMACIÓN ACADÉMICA – CERTIFICACIÓN PROFESIONAL superior á esixida para o posto convocado. - Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou Licenciatura en Educación Física ou Ciencias da Actividade Física e o Deporte (CAFYD). - Diplomatura en Maxisterio, especialidade en Educación Física. - Técnico/a Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas (TAFAD). - Técnico/a Superior en Deporte en Salvamento e Socorrismo. - Técnico/a Medio en Deporte en Salvamento e Socorrismo. - Certificado de profesionalidade de Socorrismo en Instalacións Acuáticas (AFDP0109) ou Certificado de profesionalidade de Socorrismo en Espazos Acuáticos Naturais (AFDP0209). - Diplomas ou Certificados en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios (FESS, FESSGA ou IDISSA). Acreditaranse mediante documento xustificativo da titulación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). No caso de equivalencia ou homologación de titulacións, esta deberá xustificarse, ademais, co certificado expedido polo órgano competente.	1,25 por cada título universitario 1,00 por cada título de FP de grao superior 0,75 por cada título de FP de grao medio 0,60 por cada certificado de profesionalidade 0,50 por cada acreditación FESS, FESSGA, IDISSA (MAXIMO 2,5 PUNTOS)
2. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Cursos de especialización, formación continua en materias relacionadas coas funcións do posto convocado. Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou o número de créditos. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.	0,01 por cada 10 horas (MAXIMO 2,5 PUNTOS)

3. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Experiencia en tarefas directamente relacionadas co posto convocado. Acreditarase mediante vida laboral actualizada máis copia do contrato de traballo e/ou certificado de empresa, copia do contrato de servizos e alta no réxime da Seguridade Social correspondente no caso de traballadores/as autónomos/as ou certificación expedida pola Administración pública na que prestou servizos no caso das traballadores/as públicos/as, facendo constar o posto que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.	0,05 por cada mes (na Administración Pública) 0,02 por cada mes (en entidades privadas) (MAXIMO 5 PUNTOS)
---	--

2. Só serán valorados os méritos debidamente xustificados con arranxo a este baremo.

NOVENA. Tribunal Cualificador

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a: un funcionario/a municipal.
- Secretario/a: o Secretario Xeral do Concello ou persoa en quen delegue.
- Tres (3) Vogais: Tres (3) funcionarios/as municipais ou persoal laboral do Concello.

6

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e aprobarase por Resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

3. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios/as ou persoal laboral municipal ou de calquera outra Administración Pública, con titulación ou especialización igual ou superior a esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal eventual e as persoas que nos cinco (5) anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

4. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá ostentar en representación nin por conta de ninguén.

5. O Tribunal actuará de forma colexiada, con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica, de conformidade cos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. Non poderán actuar ou constituírse sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes) e coa asistencia, en todo caso, do Presidente/a e do Secretario/a (titulares ou suplentes). Os seus actos procederán con suxeción ás bases de convocatoria e ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

7. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao Alcalde cando concorra neles/as algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

7

DÉCIMA. Desenvolvemento do proceso de oposición, cualificacións finais e proposta do Tribunal

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, no prazo de tres (3) días naturais, declararase aprobada a relación de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, e publicarase na páxina web municipal (www.lalin.gal), na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello. No caso de que non houberse candidatos/as excluídos/as, a lista elevaríase a definitiva.

2. Os/as aspirantes excluídos/as ou omitidos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da relación para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión e formular as reclamacións que consideren á lista provisional. As reclamacións serán resoltas polo Tribunal cualificador estimándoas ou desestimándoas. No prazo de

tres (3) días naturais aprobarase a lista definitiva e ordenarase a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na páxina web municipal (www.lalin.gal), xunto coa data, lugar e hora de comezo da proba práctica.

2. Finalizadas as fases do procedemento, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación, coa cualificación final acadada por cada un deles/as.

3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º/ Maior puntuación na proba práctica (fase de oposición). 2º/ Maior puntuación na valoración de méritos (fase de concurso). No caso de persistir o empate resolverase por sorteo.

4. O Tribunal elevará á Xunta de Goberno Local esta relación propoñendo a contratación dos candidatos/as que obtiveran a maior puntuación final.

5. Os/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do proxecto.

8

DÉCIMO PRIMEIRA.. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDA. Incidencias.

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO TERCEIRA. Réxime xurídico.

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto para a selección de persoal laboral temporal polo R.D 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido *do estatuto básico do empregado público*, pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia, polo *Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración Local* e demais normativa concordante.

DÉCIMO CUARTA. Disposición final.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Publicas.”

Lalín, a 11 de xuño de 2018.

José Manuel Fernández Taboaada

Concelleiro de Comercio, emprego e Réxime interno.

ANEXO I

INSTANCIA
SOCORRISTAS PISCINAS EXTERIORES

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
Nº SEG. SOCIAL		TELÉFONO	
EMAIL			

Convocado/a polo Servizo Público de Emprego no proceso de selección do Concello de Lalín para a contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado de interese social, para o posto de **SOCORRISTA**,

Aporta a seguinte DOCUMENTACIÓN:

- | | |
|--|---|
| ☐ DNI/TARXETA INDENTIDADE | ☐ DECLARACIÓN XURADA (ANEXO II) |
| ☐ TÍTULO ACADÉMICO | ☐ VIDA LABORAL |
| | ☐ INSCRICIÓN NO REXISTRO PROFESIONAL |

Achega os seguintes MÉRITOS (debidamente acreditados con arreglo ao baremo da base OITAVA):

- | | |
|----|-----|
| 1. | 10. |
| 2. | 11. |
| 3. | 12. |
| 4. | 13. |
| 5. | 14. |
| 6. | 15. |
| 7. | 16. |
| 8. | 17. |
| 9. | 18. |

Lalín, a _____ de _____ de 2018

Asdo. _____ (sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA SOCORRISTAS PISCINAS EXTERIORES

NOME	
APELIDOS	
DNI	

Participante no proceso de selección do Concello de Lalín para a contratación laboral temporal, para o posto de **SOCORRISTA**,

DECLARO

- 1) Reunir os requisitos sinalados na convocatoria, que declara coñecer.
- 2) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 3) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- 4) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

11

Asímesmo,

AUTORIZA á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Lalín, a _____ de _____ de 2018

Asdo.

(sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN